



CRITERIOS XERAIS DOS PROCESOS DE FUNCIONARIZACIÓN DO PERSOAL LABORAL FIXO

A disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece as previsións necesarias para facer posible a funcionarización do persoal laboral fixo que realiza funcións ou desempeña postos de traballo de persoal funcionario, co fin de regularizar unha situación insostible no marco da nova lexislación do emprego público e de o facer con pleno respecto dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade e sen mingua dos dereitos das persoas traballadoras afectadas.

Así mesmo, a sección terceira do acordo de concertación do emprego público de Galicia recolle as liñas xerais dos procesos de funcionarización do persoal laboral fixo, previsións que sendo obxecto de desenvolvemento regulamentario, resulta necesario plasmar neste documento a efectos informativos.

1) Proceso selectivo para a funcionarización do persoal laboral fixo das categorías profesionais correspondentes ao Grupo I.

O proceso selectivo ten por finalidade levar a cabo a funcionarización no Corpo Superior da Administración Xeral da C.A. de Galicia, Subgrupo A 1, do persoal laboral fixo pertencente a unha das categorías profesionais do Grupo I do V Convenio Colectivo.

A modalidade de proceso selectivo será a de concurso – oposición.

A fase de oposición consistirá na superación dun exercicio de carácter eliminatorio e obrigatorio.

O exercicio consistirá en contestar un cuestionario tipo test elixido entre unha batería de preguntas publicadas previamente pola Dirección Xeral da Función Pública. O cuestionario conterá cento **vinte (120) preguntas tipo test**, máis cinco



(5) preguntas de reserva. Cada pregunta terá tres (3) respostas alternativas, das cales só unha delas será a correcta.

Todas as preguntas dese cuestionario serán tomadas **da batería de mil (1.000) preguntas** elaboradas e publicadas pola Dirección Xeral da Función Pública, entre os textos legais que se citan de seguido.

Así mesmo, para a realización do exercicio as persoas aspirantes poderán contar cos textos legais que se determinen nas bases da convocatoria.

O exercicio terá unha duración máxima de cento cincuenta (150) minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 60 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de trinta (30) puntos. Corresponderalle ao tribunal determinar o número de respostas correctas exixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal se terá en conta que cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

As baterías de preguntas que se publicarán versarán sobre os seguintes textos legais:

A 1:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas-- Título preliminar-I-II-III.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas-- Título IV-V-VI.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público- Título preliminar (excepto subsección 2ª da sección 3ª do Capítulo II).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público- Título III.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 - - Título preliminar.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2015- - Libro I, IV.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da



Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia- Título preliminar-I-II.

- Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia.- Capítulo I, II, IV, VI, VII.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia Título I, III, V, VI, VII, VIII, IX.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Capítulo I, II, III, IV, V.
- Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social Título preliminar, I.
- Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno Título preliminar, I, II.
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade Título preliminar, I, II.
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais Capítulo I, II, III, IV.

A fase de concurso cualificarase cun máximo de 40 puntos.

A fase de concurso consistirá na valoración ás persoas aspirantes que superaron a fase de oposición dos seguintes méritos:

1. Antigüidade (servizos prestados nas administracións públicas):

Por cada mes completo de servizos, que serán computados por días naturais (30 días):

0,15 puntos.

Para estes efectos computaranse os servizos recoñecidos polo órgano competente de conformidade co establecido na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos prestados na Administración pública.

A puntuación máxima deste apartado será de 35 puntos.



2. Procesos selectivos superados para o acceso á categoría de laboral desde a cal se presenta á funcionarización (5 puntos por proceso selectivo superado).

A puntuación máxima deste apartado será de 5 puntos.

2) Proceso selectivo para a funcionarización do persoal laboral fixo das categorías profesionais correspondentes ao Grupo II.

O proceso selectivo ten por finalidade levar a cabo a funcionarización no Corpo de Xestión da Administración Xeral da C.A. de Galicia, Subgrupo A 2, do persoal laboral fixo pertencente a unha das categorías profesionais do Grupo II do V Convenio Colectivo.

A modalidade de proceso selectivo será a de concurso – oposición.

A fase de oposición consistirá na superación dun exercicio de carácter eliminatorio e obrigatorio.

O exercicio consistirá en contestar un cuestionario tipo test elixido entre unha batería de preguntas publicadas previamente pola Dirección Xeral da Función Pública. O cuestionario conterá cen **(100) preguntas tipo test**, máis cinco (5) preguntas de reserva. Cada pregunta terá tres (3) respostas alternativas, das cales só unha delas será a correcta.

Todas as preguntas dese cuestionario serán tomadas da batería de **oitocentas (800) preguntas** elaboradas e publicadas pola Dirección Xeral da Función Pública, entre os textos legais que se citan de seguido.

Así mesmo, para a realización do exercicio as persoas aspirantes poderán contar cos textos legais que se determinen nas bases da convocatoria.

O exercicio terá unha duración máxima de cento vinte (120) minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 60 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de trinta (30) puntos. Corresponderalle ao tribunal determinar o número de respostas correctas exixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal se terá en conta que cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.



As baterías de preguntas que se publicarán versarán sobre os seguintes textos legais:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas-- Título preliminar-I-II-III.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas-- Título IV-V-VI.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público- Título preliminar (excepto subsección 2ª da sección 3ª do Capítulo II).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público - Título III.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 Título preliminar; Libro I (Agás Título III).
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia- Título preliminar-I.
- Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia.Capítulo I, II, IV, VI.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Título I, III, V, VI, VII.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas Capítulo I, II, III, IV.
- Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. Título preliminar, Capítulo II, IV, V, VI, VII, VIII do Título I.
- Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno Título preliminar, I, II.
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade Título preliminar, Capítulos I y II del título I, Título II.

A fase de concurso cualificarase cun máximo de 40 puntos.

A fase de concurso consistirá na valoración ás persoas aspirantes que superaron a fase de oposición dos seguintes méritos:



1. Antigüidade (servizos prestados nas administracións públicas):

Por cada mes completo de servizos, que serán computados por días naturais (30 días):

0,15 puntos.

Para estes efectos computaranse os servizos recoñecidos polo órgano competente de conformidade co establecido na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos prestados na Administración pública.

A puntuación máxima deste apartado será de 35 puntos.

2. Procesos selectivos superados para o acceso á categoría de laboral desde a cal se presenta á funcionarización (5 puntos por proceso selectivo superado).

A puntuación máxima deste apartado será de 5 puntos.

3) Proceso selectivo para a funcionarización do persoal laboral fixo das categorías profesionais correspondentes ao Grupo III.

O proceso selectivo ten por finalidade levar a cabo a funcionarización no Corpo Administrativo da Administración Xeral da C.A. de Galicia, Subgrupo C 1, do persoal laboral fixo pertencente a unha das categorías profesionais do Grupo III do V Convenio Colectivo.

A modalidade de proceso selectivo será a de concurso – oposición.

A fase de oposición consistirá na superación dun exercicio de carácter eliminatorio e obrigatorio.

O exercicio consistirá en contestar un cuestionario tipo test elixido entre unha batería de preguntas publicadas previamente pola Dirección Xeral da Función Pública. O cuestionario conterá **oitenta (80) preguntas** tipo test, máis cinco (5) preguntas de reserva. Cada pregunta terá tres (3) respostas alternativas, das cales só unha delas será a correcta.

Todas as preguntas dese cuestionario serán tomadas da **batería de setecentas (700) preguntas** elaboradas e publicadas pola Dirección Xeral da Función Pública, entre os textos legais que se citan de seguido.



Así mesmo, para a realización do exercicio as persoas aspirantes poderán contar cos textos legais que se determinen nas bases da convocatoria.

O exercicio terá unha duración máxima de cen (100) minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 60 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de trinta (30) puntos. Corresponderalle ao tribunal determinar o número de respostas correctas exixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal se terá en conta que cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

As baterías de preguntas que se publicarán versarán sobre os seguintes textos legais:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas - Título preliminar-I-II.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas - Título III-IV.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público - Título preliminar: Capítulo I, Capítulo II (excepto subsección 2ª da sección 3ª).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público- Título preliminar: Capítulo III, Capítulo IV.
- Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia. Capítulo I, IV, VI.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia Título I, III, V, VI.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas Capítulo I, II, III.
- Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social Título preliminar, Capítulo II, IV, V, VI, VII, do Título I.
- Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno Título preliminar, I.
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade Título preliminar, Capítulos I y II del título I, Título II.

A fase de concurso cualificarase cun máximo de 40 puntos.



A fase de concurso consistirá na valoración ás persoas aspirantes que superaron a fase de oposición dos seguintes méritos:

1. Antigüidade (servizos prestados nas administracións públicas):

Por cada mes completo de servizos, que serán computados por días naturais (30 días):

0,15 puntos.

Para estes efectos computaranse os servizos recoñecidos polo órgano competente de conformidade co establecido na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos prestados na Administración pública.

A puntuación máxima deste apartado será de 35 puntos.

2. Procesos selectivos superados para o acceso á categoría de laboral desde a cal se presenta á funcionarización (5 puntos por proceso selectivo superado).

A puntuación máxima deste apartado será de 5 puntos.

4) Proceso selectivo para a funcionarización do persoal laboral fixo das categorías profesionais correspondentes ao Grupo IV.

O proceso selectivo ten por finalidade levar a cabo a funcionarización no Corpo Auxiliar da Administración Xeral da C.A. de Galicia, Subgrupo C 2, do persoal laboral fixo pertencente a unha das categorías profesionais do Grupo IV do V Convenio Colectivo.

A modalidade de proceso selectivo será a de concurso – oposición.

A fase de oposición consistirá na superación dun exercicio de carácter eliminatorio e obrigatorio.

O exercicio consistirá en contestar un cuestionario tipo test elixido entre unha batería de preguntas publicadas previamente pola Dirección Xeral da Función Pública. O cuestionario conterá sesenta **(60) preguntas tipo test**, máis cinco (5) preguntas de reserva. Cada pregunta terá tres (3) respostas alternativas, das cales só unha delas será a correcta.

Todas as preguntas dese cuestionario serán tomadas **da batería de cincocentas**



(500) preguntas elaboradas e publicadas pola Dirección Xeral da Función Pública, entre os textos legais que se citan de seguido.

Así mesmo, para a realización do exercicio as persoas aspirantes poderán contar cos textos legais que se determinen nas bases da convocatoria.

O exercicio terá unha duración máxima de oitenta (80) minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 60 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de trinta (30) puntos. Corresponderalle ao tribunal determinar o número de respostas correctas exixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal se terá en conta que cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

As baterías de preguntas que se publicarán versarán sobre os seguintes textos legais:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas- Títulos preliminar-I-II-III.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público- Título preliminar, Capítulo I, Capítulo II (excepto subsección 2ª da sección 3ª).
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia Título I, III, V, Capítulo IV do Título VI.
- Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social Título preliminar, Capítulo II, IV, V, VI, do Título I.
- Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno Título preliminar, I (excepto capítulo V).
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade Título preliminar, Capítulo I y II del Título I.

A fase de concurso cualificarase cun máximo de 40 puntos.

A fase de concurso consistirá na valoración ás persoas aspirantes que superaron a fase de oposición dos seguintes méritos:

1. Antigüidade (servizos prestados nas administracións públicas):



Por cada mes completo de servizos, que serán computados por días naturais (30 días):

0,15 puntos.

Para estes efectos computaranse os servizos recoñecidos polo órgano competente de conformidade co establecido na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos prestados na Administración pública.

A puntuación máxima deste apartado será de 35 puntos.

2. Procesos selectivos superados para o acceso á categoría de laboral desde a cal se presenta á funcionarización (5 puntos por proceso selectivo superado).

A puntuación máxima deste apartado será de 5 puntos.

5) Proceso selectivo para a funcionarización do persoal laboral fixo das categorías profesionais correspondentes ao Grupo V

O proceso selectivo ten por finalidade levar a cabo a funcionarización na Agrupación Profesional do persoal funcionario subalterno, do persoal laboral fixo pertencente a unha das categorías profesionais do Grupo V do V Convenio Colectivo.

A modalidade de proceso selectivo será a de concurso – oposición.

A fase de oposición consistirá na superación dun exercicio de carácter eliminatorio e obrigatorio.

O exercicio consistirá en contestar un cuestionario tipo test elixido entre unha batería de preguntas publicadas previamente pola Dirección Xeral da Función Pública. O cuestionario conterá **cinquenta (50) preguntas tipo test**, máis cinco (5) preguntas de reserva. Cada pregunta terá tres (3) respostas alternativas, das cales só unha delas será a correcta.

Todas as preguntas dese cuestionario serán tomadas da batería **de trescentas (300) preguntas** elaboradas e publicadas pola Dirección Xeral da Función Pública, entre os textos legais que se citan de seguido.

Así mesmo, para a realización do exercicio as persoas aspirantes poderán contar cos textos legais que se determinen nas bases da convocatoria.



O exercicio terá unha duración máxima de sesenta (60) minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 60 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de trinta (30) puntos. Corresponderalle ao tribunal determinar o número de respostas correctas exixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal se terá en conta que cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

As baterías de preguntas que se publicarán versarán sobre os seguintes textos legais:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas- Títulos preliminar-I-II
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia Título I, III, Capítulo IV do Título VI
- Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social Título preliminar, Capítulo II, IV, V, VI, do Título I; Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade Título preliminar e Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno Título preliminar, capítulos I, II, IV do Título I.

A fase de concurso cualificarase cun máximo de 40 puntos.

A fase de concurso consistirá na valoración ás persoas aspirantes que superaron a fase de oposición dos seguintes méritos:

1. Antigüidade (servizos prestados nas administracións públicas):

Por cada mes completo de servizos, que serán computados por días naturais (30 días):

0,15 puntos.

Para estes efectos computaranse os servizos recoñecidos polo órgano competente de conformidade co establecido na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos prestados na Administración pública.

A puntuación máxima deste apartado será de 35 puntos.



2. Procesos selectivos superados para o acceso á categoría de laboral desde a cal se presenta á funcionarización (5 puntos por proceso selectivo superado).

A puntuación máxima deste apartado será de 5 puntos.